



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES
Exp. Convocatoria: 2022000043083

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DO I PREMIO “XOÁN VICENTE VIQUEIRA” DE INVESTIGACIÓN EN CIENCIAS SOCIAIS, HUMANIDADES, SUSTENTABILIDADE E INNOVACIÓN

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

1.- Por resolución da presidencia n.º 51020, do 2 de decembro de 2022, foron aprobadas as bases do *I Premio “Xoán Vicente Viqueira” de Investigación en Ciencias Sociais, Humanidades, Sustentabilidade e Innovación*, cuxa convocatoria anunciouse no BOP n.º 239, do 20 de decembro de 2022.

2.- O prazo de presentación de solicitudes foi do 21 de decembro de 2022 ao 31 de xaneiro de 2023.

3.- O xurado do premio, que fora nomeado por resolución da presidencia n.º 5445, do 13 de febreiro de 2023, reuniuse na sede desta Deputación o 28 de febreiro e fixo a súa proposta de concesión dos premios.

Á vista do contido da acta e logo dos informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO

Primeiro.- Conceder o *I Premio “Xoán Vicente Viqueira” de Investigación en Ciencias Sociais, Humanidades, Sustentabilidade e Innovación* de acordo co seguinte:

- **Premio á traxectoria de vida adicada á investigación** nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social ao longo dos últimos 30 anos:

Persoa gañadora: José M.^a Peiró Silla, NIF ***4431**
Expediente: 2023000013175
Importe: 6.500,00 €

- **Premio á innovación científica** nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social:

Persoa gañadora: Ana García Juanatey, NIF ***0236**
Expediente: 2023000013169
Importe: 6.500,00 €

- **Premio á calidade dun traballo de investigación realizado por unha persoa investigadora nova** nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social:

Persoa gañadora: Olaya Cutrín Mosteiro, NIF ***0307**
Expediente: 2023000013178
Importe: 6.500,00 €

Segundo.- Dispor que os premios, por importe total de 19.500,00 €, se aboem con cargo á partida 0612/3262/481, fase A, operación n.º 220220060058 do vixente Orzamento.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso- administrativo, perante o Xulgado do Contencioso- administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso- administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.